

6. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - ROSEIRA DO TEU MENCER I

R

oseira do teu mencer, publicado en 1950, é un poemario que Xosé María Álvarez Blázquez lle dedicou á súa primeira filla, María Luisa (coñecida como Colorín), cando era pequeniña.

O libro comeza coa seguinte dedicataria:

Eno nome de Dios e de Santa María
i-o bieito San Xosé, que mui ben a quería;
de Santa Liberata, de San Paio o Neniño,
e de noso Señor Sant-Yago peleriño,
que o poer aquí, a maneira de don,
unhas trovas que eu fis de mui bo corazón.

Todos os poemas están cheos de tenrura e de musicalidade, nacen de experiencias cotiás que xiran ao redor da relación do pai e da nai coa súa filla, experiencias coas que pouco a pouco se achega ao mundo que a rodea.

O libro, en palabras de Xosé M.^a Álvarez Cáccamo, irmán de Colorín e fillo do autor, afirma que persegue unha única intención (intercalaranse algúns versos que ilustran o comentario): "Por iso o libro que, ao principio, tampouco tiña nome se chamou *Roseira do teu mencer*. O mencer de Colorín, os seus primeiros días e meses de luz está relatado aquí en versos pequenos que son para cantar. Sentiremos como chora a pobre nena perseguida polas galiñas e como vai procurar acougo no colo do pai".

Vinde todos ollar á miña nena:
vai co escriño de millo pr-ás galiñas,
i-as condanadas, véndoa tan pequena,
encírranna con bulras e rapiñas.

"Pero logo, nunha mañá preciosa de sol, saen os tres felices ao campo para apañar flores e os caracois póñenlle un camiño de seda a Colorín para que pise entre as herbas sen mancar os pés (...)"

Imos ao campo, que xa é de día ...
Toda de festas está a campía
para que ti vaias collel-as froles,
i-os mayordomos dos caracoles,
con maino paso de hidalguía,
andan poendo moi amodiño
cintas de seda no teu camiño!

"O pai escorrentaba as cousas grandes que lle puñan medo a Colorín: a chuvia, a neve, o vento, o arco da vella".

Fuxe chuvia, fuxe sol,
fuxe roda de color
que a nenita quer brincar
co as areas do areal.

"E logo baixaban os dous á praia, que quedara limpa de sombras e branca coma azucre, a facer casas de cunchas (...)"

As casas son de cuncha,
os barcos de papel,
e tí e mais eu seremos
feitos de nácre inxel.

"Estas e outras aventuras de Colorín canta don Xosé M.^a Álvarez Blázquez, o pai dela e meu, na *Roseira do teu mencer*".

¡ti!, nena, quén fora
o axariño louro
da tua gaiola

Anda, gat
que a ne